

¿QUEN ERA O XENERAL SANJURJO?

O concello da Coruña, en aplicación da lei da Memoria Histórica, vai proceder ao cambio de nome dalgunhas rúas franquistas da nosa cidade; entre elas está a ***Avenida del General Sanjurjo***.

Este xeneral foi un golpista por partida dobre, xa que participou no intento fracasado de sublevación militar de 1932 contra a República e no Golpe de Estado de 1936.

Na II República estivo enfrontado ao Goberno Azaña pola política autonomista que desenvolvía e polas reformas militares, sublevándose contra a República o 10 de agosto de 1932; despois do fracaso do levantamento, foi condenado a morte, pena que lle foi conmutada pola de cadea perpetua no cárcere de El Dueso. Foi amnistiado en marzo de 1934 polo Goberno Lerroux e marchou a vivir a Estoril, en Portugal.

Desde o exilio continuou coas súas actividades para derrocar o réxime constitucional e lexítimo da II República; estas actividades incrementáronse despois do triunfo da Fronte Popular nas eleccións democráticas de febreiro de 1936.

José Sanjurjo y Sacanell era o xefe da conspiración contra a II República, que organizaba o xeneral golpista Emilio Mola. Cando o 18 de xullo de 1936 se inicia en África a insurrección contra a República, Sanjurjo intenta trasladarse a Burgos para encabezar a sublevación militar, pero morre en accidente aéreo en Portugal o 20 de xullo de 1936, deixando o camiño libre para que Francisco Franco tomase o mando do Golpe de Estado.



Termo acuñado polo pobo despois da tentativa de golpe de Estado do Xeneral Sanjurjo contra o goberno democrático da República no ano 1932.

Díse das tentativas fallidas de golpe de Estado.

Fam.: Relativo aos golpes de Estado.

Os nomes das rúas non son uns elementos decorativos; pola contra, teñen un profundo significado social, xa que recoñecen o mérito dalgunha persoa, exaltan principios ou valores. Os nomes das rúas son, xa que logo, un medio eficaz para crear e manter unha conciencia histórica e un instrumento para a educación moral e política da cidadanía.

O xeneral Sanjurjo non merece ningún recoñecemento social, nin que unha rúa leve o seu nome, senón que, merece, o máximo desprezo da cidadanía porque non respectou a súa vontade democrática, manifestada nas votacións democráticas, e porque utilizou sempre a violencia para conseguir obxectivos políticos.

A eliminación do nome desta rúa vai ser recibida con gran satisfacción pola inmensa maioría da cidadanía da Coruña e polos veciños e veciñas dos Castros. Coa aplicación da Lei da Memoria Histórica transmitimos unha mensaxe educativa e de esperanza para as futuras xeracións: están condenadas ao fracaso –porque o pobo ten memoria histórica e non o permitirá- calquera tipo de levantamento militar ou violento que pretenda acabar coas liberdades e dereitos democráticos; os nomes dos responsábeis merecerán sempre o repudio popular e non terán ningún tipo de recoñecemento público.

Como xa se fixo noutras cidades, o concello informará aos veciños e veciñas afectados das modificacións das súas rúas. Despois de que cada cidadán realice os trámites de troco de dirección nos temas persoais –banco, compañías de seguros, etc.-, o propio concello debería notificar os trocos a correos, compañías de electricidade, EMALCSA, teléfono, etc. Por suposto, debe garantirse que Correos distribúa as cartas que cheguen aos domicilios co vello enderezo.

Ningunha persoa demócrata pode utilizar hoxe as posíbeis molestias á cidadanía e ao comercio, para reivindicar que se manteña nos Castros unha rúa que honra e exalta a figura dun golpista e un criminal.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña considera que o nome de Avenida dos Castros, podería ser un nome alternativo, respectando outros posíbeis nomes como Avenida de Oza.

CONSECUENCIAS DA SUBLEVACIÓN MILITAR DE 1936

A Ditadura de Franco foi cualificada pola ONU en 1946 como un **régime criminal**, como xa fixeran anteriormente as Conferencias de Potsdam e San Francisco, despois de rematar a II Guerra Mundial.

Despois do triunfo da sublevación militar e fascista do 18 de xullo de 1936, **asistimos a un auténtico xenocidio co asasinato de máis de 800 persoas da comarca da Coruña**, entre elas o alcalde, os gobernadores civil e militar e numerosos dirixentes políticos, sindicais e sociais. Este Terrorismo de Estado privounos de liberdade durante corenta anos.